
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/47-1
Entidade	CONFRARIA DE O BARQUEIRO-BARES	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECIFICO	
Modalidade⁽³⁾	DENDE EMBARCACION	

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	Dende punta Villardeira á punta da Barra
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	11	24
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		SI
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	1

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		155										
Época e zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: dende embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	
Época e zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾:												
xan	feb	mar	abril	maio	Xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	-	-	10 kg

Artes a empregar	Raspa ou rasqueta, segundo o Decreto 424/1993
-------------------------	-----------------------------------------------

Puntos de control	Peirao do Barqueiro, punta da Estaca de Bares e praia de Esteiro.
Puntos de venda	Lonxas do Barqueiro, Cedeira, San Cibrao, Vicedo e Cariño

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Especies:

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
--	---	---	---	---	---	---	----	---	---	---	---	---

Sementeiras

Zonas:

Especies:

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
--	---	---	---	---	---	---	----	---	---	---	---	---

Traslados

Zonas:

Especies:

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
--	---	---	---	---	---	---	----	---	---	---	---	---

Rareos

Zonas:

Especies:

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
--	---	---	---	---	---	---	----	---	---	---	---	---

Limpezas e arados

Zonas:

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
--	---	---	---	---	---	---	----	---	---	---	---	---

Outros

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: O número de embarcacións co recurso percebe no seu permex asociadas á confraría de O Barqueiro-Bares, e polo tanto autorizadas para traballar neste plan, é de 11 ás que lles corresponden 24 cotas. No listado anexo ao plan atópanse diferenzas na asignación de cotas. A embarcación dispón de 3 cotas e a embarcación dispón de 1 cota (non de 2 como lles asigna a confraría a cada unha delas).

Ampliación: Apróbase a ampliación en unha do número de habilitacións. A selección realizarase de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral Ordenación e Xestión de Recursos Mariños.

Xestión da explotación: A extracción realízase en todo o ámbito territorial, establecendo unha veda xeral no mes de febreiro. Ademais, do 10 de xaneiro ó 16 de decembro non se permitirá a extracción no tramo que vai dende a punta da Barra aos baixos da Marufa.

Extracción dirixida ao percebe "alongado" que se desenvolverá baixo as seguintes condicións:

- Solicitude expresa, para a súa valoración e aprobación de ser o caso, que se remitirá ao departamento territorial indicando os seguintes aspectos: zona, data, cota máxima de captura, relación de participantes e talla mínima
- Talla mínima do percebe "alongado": entre 6 e 8 cm de lonxitude total. Deberase concretar na solicitude de apertura a talla mínima dentro do rango indicado anteriormente.
- Cota máxima de captura: 10 kg/percebeiro/día e 10 kg/habilitación enrolado e a bordo/día
- Os días adicados a esta extracción selectiva non computarán no número de días máximos de extracción
- Esta extracción realizarase durante os meses de xullo e agosto
- O percebe extraído será vendido mediante poxa na lonxa.



- As zonas nas que se levará a cabo esta extracción deberán estar claramente identificadas

Puntos de control: Os puntos de control establecidos na zona de traballo son: praia de Esteiro e punta da Estaca de Bares. Ademais, establécese un punto de control no peirao de O Barqueiro. Non se acepta a proposta deste plan de establecer un punto de control no peirao de Espasante, fóra do ámbito de traballo deste plan.

Defínese a organización dos puntos de control, nos que se rexistra o número de embarcacións e tripulantes e se controlan os cupos. Os responsables dos puntos de control serán os propios percebeiros de xeito rotativo. No caso de que se traballe en varias zonas no mesmo día haberá un responsable por cada zona de traballo.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.*

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Accións de mellora: Considérase axeitada a proposta de realizar rareos nas zonas que presentan percebe de baixa calidade, aínda que deben especificar como se organizarán estes traballos, en que zonas, número de días, número de embarcacións e tripulantes, obrigatoriedade... O percebe procedente de rareo non poderá ter como destino a venda. No caso de que o que se pretenda sexa comercializar este percebe de baixa calidade, eses días terán a consideración e o tratamento de días de extracción con fins comerciais, nos que, a fin de rentabilizar esta extracción, se poderá solicitar un incremento do tope de captura.

Vixilancia: A organización da vixilancia por parte dos propios percebeiros non está ben definida. Non aclara se a participación é obrigatoria, nin designa as persoas responsables da organización das vixilancias e distribución dos grupos.

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 pola que se regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”* En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase unha maior concreción da organización das tarefas de vixilancia (organización de grupos, persoas responsables...).
- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.